

FORO DE
EDICIÓN E
DESEÑO
2013

Santiago de Compostela
18 e 19 de outubro

DAG

Asociación Galega de Deseñadores

asociaciondag.org
info@asociaciondag.org

A DAG é unha entidade social sen ánimo de lucro que representa a un número amplo dos deseñadores profesionais que densenvolven a súa actividade en Galicia nos eidos do deseño gráfico, deseño de produto e deseño web. Desde a súa fundación no 2006, vén desenvolvendo con continuidade un programa didáctico–cultural centrado na promoción e difusión do deseño galego en Galicia e no exterior.

Nesta liña de actividades encádrase a segunda edición do FEED (Foro de Edición e Deseño), que terá lugar os vindeiros 18 e 19 de outubro de 2013). Constituindo un evento de referencia no noroeste peninsular para todas as persoas e axentes económicos/culturais interesados nos valores anovadores do deseño, que axudará a dar proxección no exterior ao traballo desenvolvido polos profesionais galegos e a propiciar unha maior comunicación dos deseñadores coa industria produtiva e cultural, e por extensión, co conxunto da sociedade.

La DAG es una entidad social sin ánimo de lucro que representa a un número amplio de los diseñadores profesionales que desarrollan su actividad en Galicia en los campos del diseño gráfico, diseño de producto y diseño web. Desde su fundación en 2006, viene desarrollando con continuidad un programa didáctico–cultural centrado en la promoción y difusión del diseño gallego en Galicia y en el exterior.

En esta línea de actividades se encuadra la segunda edición del FEED (Foro de Edición y Diseño), que tendrá lugar los próximos 18 y 19 de octubre de 2013). Constituyendo un evento de referencia en el noroeste peninsular para todas las personas y agentes económicos/culturales interesados en los valores innovadores del diseño, que ayudará a dar proyección en el exterior al trabajo desarrollado por los profesionales gallegos y a propiciar una mayor comunicación de los diseñadores con la industria productiva y cultural, y por extensión, con el conjunto de la sociedad.



INTRODUCCIÓN
INTRODUCCIÓN

ANTECEDENTES

ANTECEDENTES



A edición anterior do evento FEET 2010 (Foro de Edición e Tipografía) estivo dedicada á investigación sobre publicacións e edicións que se estaban a desenvolver no campo da arte, o deseño e a tipografía. O eixo central do FEET constituírono dous talleres para profesionais: un de edición e outro de tipografía. Con posterioridade, ao redor dos obradoiros engadíronse outras actividades, coma conferencias, presentacións, unha mesa redonda sobre a edición, unha exposición...

Os protagonistas do evento naquela ocasión foron: Pepe Murciego, Nuno Coelho, Adam Kershaw, Andreu Balius, Dino dos Santos, Pepe Barro, Manuel Bragado, Pedro Nora, Tati Mancebo, Ángel Cerviño e Marcos Dopico.

A participación no evento superou as expectativas e tivo grande acollida entre os profesionais do sector e os estudantes das disciplinas relacionadas. A repercusión mediática tamén foi relevante, contribuíndo ao coñecemento social sobre o mundo editorial e os procesos que o conforman.

La edición anterior del evento FEET 2010 (Foro de Edición e Tipografía) estuvo dedicada a la investigación sobre publicaciones y ediciones que se estaban produciendo en el campo del arte, el diseño y la tipografía. El eje central del FEET lo constituyeron dos talleres para profesionales: uno de edición y otro de tipografía. Con posterioridad, alrededor de los talleres se añadieron otras actividades, como conferencias, presentaciones, una mesa redonda sobre la edición, una exposición...

Los protagonistas del evento en esta ocasión fueron: Pepe Murciego, Nuno Coelho, Adam Kershaw, Andreu Balius, Dino dos Santos, Pepe Barro, Manuel Bragado, Pedro Nora, Tati Mancebo, Ángel Cerviño y Marcos Dopico.

La participación superó las expectativas y tuvo gran acogida entre los profesionales del sector y los estudiantes de las disciplinas relacionadas. La repercusión mediática también fue relevante, contribuyendo al conocimiento social sobre el mundo editorial y los procesos que lo conforman.

- 1 Crear un foro de encontro entre profesionais do deseño e estudantes de calquera das súas disciplinas, apostando claramente pola hibridación e a interrelación entre os deseñadores coa mirada posta en eventuais proxectos de colaboración que poidan xurdir nun futuro; achegando o traballo profesional aos futuros deseñadores galegos.
- 2 Dar a coñecer os proxectos máis relevantes do deseño galego dos últimos anos afondando nos procesos de creación, poñendo en valor os profesionais e a todos os que interveñen na cadea de produción.
- 3 Contribuír á formación dos profesionais con obradoiros e charlas de interese, impartidos por figuras destacadas do deseño, tanto locais como estranxeiras, para compartir visións e coñecementos.
- 4 Posibilitar un espazo de reflexión e debate ao redor da evolución histórica do deseño e a visión de futuro profesional neste eido, identificando necesidades e estratexias para o seu desenvolvemento e investigación.
- 5 Achegar o deseño ao conxunto da sociedade, fomentando o interese polo mesmo, contribuíndo á dignificación da profesión, facendo visible que o deseño ten un valor de seu como transmisor de identidade e cultura.

- 1 Crear un foro de encontro entre profesionales del diseño y estudiantes de cualquiera de sus disciplinas, apostando claramente por la hibridación e interrelación entre los diseñadores con la mirada puesta en eventuales proyectos de colaboración que puedan surgir en un futuro; acercando el trabajo profesional a los futuros diseñadores gallegos.
- 2 Dar a conocer los proyectos más relevantes del diseño gallego de los últimos años, profundizando en los procesos de creación, poniendo en valor a los profesionales y a todos los que intervienen en la cadena de producción.
- 3 Contribuir a la formación de los profesionales con talleres y charlas de interés, impartidos por figuras destacadas del diseño, tanto locales como extranjeras, para compartir visiones y conocimientos.
- 4 Posibilitar un espacio de reflexión y debate en torno a la evolución histórica del diseño y la visión de futuro profesional en este campo, identificando necesidades y estrategias para su desarrollo e investigación.
- 5 Acercar el diseño al conjunto de la sociedad, fomentando el interés por el mismo, contribuyendo a la dignificación de la profesión, haciendo visible que el diseño tiene un valor propio como transmisor de identidad y cultura.

PROGRAMA

PROGRAMA

18 -19 / 10 / 2013

Santiago de Compostela, CGAC

9.00 - 13.30 / 15.30 - 20.00

Deseño gráfico e editorial / Diseño gráfico y editorial

09.00 h. Acreditación dos asistentes ao seminario

09.15 h. Seminario con César Ávila (1ª parte)

11.45 h. Descanso

12.00 h. Seminario con César Ávila 1 (2ª parte)

13.30 h. Pausa para xantar

15.30 h. Acreditación de asistentes

16.00h. Charla de Uqui Permui

16.45h. Charla de Pancho Lapeña

17.30 h. Descanso

17.45h. Charla de César Ávila

18.30h. Mesa redonda con: César Ávila, Uqui Permui, Pancho Lapeña, Carlos Figueiras de Estaleiro Editora e Juan Carlos Pichel de Eurográficas

Moderada por: Suso Vázquez de desescribir

Deseño de produto / Diseño de producto

09.00 h. Acreditación dos asistentes ao seminario

09.15 h. Seminario con Héctor Serrano (1ª parte)

11.45 h. Descanso

12.00 h. Seminario con Héctor Serrano (2ª parte)

13.30 h. Pausa para xantar

15.30 h. Acreditación de asistentes

16.00h. Charla de cenlitrosmetrocadrado

16.45h. Charla de Fruto DS

17.30 h. Descanso

17.45h. Charla de Héctor Serrano

18.30h. Mesa redonda con: Héctor Serrano, cenlitrosmetrocadrado, Fruto DS, Patricia Martínez de Arturo Álvarez e Luis Gil Pita de UNDO REDO

Moderada por: Xènia Viladàs




“facer funcionar o intelecto e a intuición a partes iguais, coa mesma paixón e dun xeito crítico e racional”

gráfica futura con César Ávila

É socio fundador do estudio madrileño Gráfica Futura Diseño Editorial, S.L. constituído en 1996 xunto con José Moreno e María Rubio. Especialízanse en deseño e comunicación, desenvolvendo o seu traballo en distintas áreas: editorial, sinalética, exposicións, imaxe corporativa e multimedia.

Estreitamente relacionados de sempre co universo da arquitectura, colaboraron con diversos arquitectos nas aplicacións gráficas en edificios e en exposicións. No estudio fixeron proxectos para Tuñón e Mansilla no Museo de Belas Artes, Castellón ou no Archivo Regional de Madrid, ademais de con outros arquitectos como Andrés Cánovas.

Actualmente, César Ávila exerce tamén de profesor no Grado de Deseño. Mención Gráfico na Universidade Europea de Madrid.



Es socio fundador del estudio madrileño Gráfica Futura Diseño Editorial, S.L. constituido en 1996 junto con José Moreno y María Rubio. Se especializan en diseño y comunicación, desarrollando su trabajo en distintas áreas: editorial, señalética, exposiciones, imagen corporativa y multimedia.

Estrechamente relacionados de siempre con el universo de la arquitectura, han colaborado con diversos arquitectos en las aplicaciones gráficas en edificios y en exposiciones. En el estudio se han realizado proyectos para Tuñón y Mansilla en el Museo de Bellas Artes de Castellón o en el Archivo Regional de Madrid, además de trabajos para otros arquitectos como Andrés Cánovas.

Actualmente, César Ávila ejerce también de profesor en el Grado de Diseño. Mención Gráfico en la Universidad Europea de Madrid.

“o mal deste país é a falta de curiosidade”

pancho lapeña

Comezou estudando Filosofía en Compostela, e completou a súa formación cursando dúas carreiras técnicas de artes aplicadas: canteiría e volume. Estas inquiredanzas o levaron a ser bolseiro do Laboratorio de Formas de Galicia do Grupo Sargadelos e posteriormente a cursar gravado e serigrafía na Escola de Impresión de Edimburgo. Trasládouse a Italia para traballar no eido na industria textil e desenvolver o seu interese pola influencia socio-lingüística nos dialectos rexionais. Pancho é un comprometido antropólogo iconográfico, que investiga aspectos da paisaxe, cultura, gastronomía do país, plasmando o que recolle en ensaios e representacións gráficas que chama “deseños atlánticos”.

Locen os seus grafismos publicacións de Carlos Taibo, Sechu Sende, Carlos Santiago ou representacións teatrais de Quico Cadaval ou o Grupo Chévere. Moitas imaxes que deseñou fican como iconas reivindicativas no maxín colectivo: SOS Courel, O teu monte precisa de ti, Home-naxe a Isaac Díaz Pardo... Unha das súas iniciativas máis recentes é un proxecto de recuperación das máscaras tradicionais, que constitúe un excelente estudo iconográfico do entroido galego.



Empezó estudiando Filosofía en Compostela, y completó su formación cursando dos carreras técnicas de artes aplicadas: cantería y volume. Estas inquietudes lo llevaron a ser becario del Laboratorio de Formas de Galicia del Grupo Sargadelos y posteriormente a cursar grabado y serigrafía en la Escuela de Impresión de Edimburgo. Se trasladó a Italia para trabajar en el sector de la industria textil y desarrollar su interés por la influencia socio-lingüística en los dialectos regionales. Pancho es un comprometido antropólogo iconográfico, que investiga aspectos del paisaje, cultura, gastronomía del país, plasmando lo que recoge en ensayos y representacións gráficas que llama “deseños atlánticos”.

Locen sus grafismos publicaciones de Carlos Taibo, Sechu Sende, Carlos Santiago o representaciones teatrales de Quico Cadaval o el Grupo Chévere. Muchas imágenes que diseñó permanecen como iconos reivindicativas en la memoria colectiva: SOS Courel, O teu monte precisa de ti... Entre lo más reciente destaca su proyecto de recuperación de las máscaras tradicionales gallegas.

***“fagas o que fagas,
procura que o resultado
final nunca sexa aburrido”***

héctor serrano

Estudou Deseño Industrial en Valencia, de onde procede, e fixo o Máster en deseño de produto do Royal College of Arts de Londres, cidade na que fundou o Héctor Serrano Studio no 2000. O estudio especialízase no deseño de produto, deseño de espazos, comunicación e laboratorio. Os seus proxectos mesturan a innovación coa comunicación de ideas familiares de xeito inusual e inventivo.

Entre os seus clientes atopamos firmas e institucións como FontanaArte, Gandia Blasco, Roca, ICEX Ministerio de Industria, Droog, Metalarte, La Casa Encendida (Caja Madrid) e o Concello de Valencia entre outros. E na súa historia premios e distincións como o Peugeot Design Award e o Premio Nacional de Deseño Non Aburridos, o segundo premio New Bus for London concursando con Miñarro García e Javier Esteban e tamén o Designer of the Year 2009 da AD magazine. Os seus produtos expóñense en Museos como o V&A en Londres e o Cooper-Hewitt National Design Museum en Nova York. Tamén forman parte de varias coleccións como a do Central Museum de Ámsterdam.

Estudió Diseño industrial en Valencia, de donde procede, e hizo el Máster en Diseño de producto del Royal College of Arts de Londres, ciudad en la que fundó el Héctor Serrano Studio en 2000. El estudio se especializa en el diseño de producto, diseño de espacios, comunicación y laboratorio. Sus proyectos mezclan la innovación con la comunicación de ideas familiares de forma inusual e inventiva.

Entre sus clientes encontramos firmas e instituciones como FontanaArte, Gandia Blasco, Roca, ICEX Ministerio de Industria, Droog, Metalarte, La Casa Encendida (Caja Madrid) y el Ayuntamiento de Valencia entre otros. Y en su historia premios y distinciones como el Peugeot Design Award y el Premio Nacional de Diseño No Aburridos, el segundo premio New Bus for London concursando con Miñarro García y Javier Esteban y también el Designer of the Year 2009 de la AD magazine. Sus productos se exponen en Museos como el V&A en Londres y el Cooper-Hewitt National Design Museum en Nueva York. También forman parte de varias colecciones como la del Central Museum de Ámsterdam.



“resolvemos pequenos problemas cotiáns das comunidades que temos máis próximas”

cenlitrosmetrocadrado

É un estudio de deseño e comunicación de Santiago de Compostela, composto por Xabier Rilo Calvo, Manuel del Río Regos e Ricardo Tubío Pazos. A súa teima é ofrecer un deseño de clara orientación humanista, que vaia máis alá da simple función práctica e que atenda tamén funcións de carácter emocional e social.

Cunha identidade de marcado carácter atlántico desenvolven proxectos que van desde o deseño gráfico e de produto ata a coordinación de equipos de traballo en ámbitos creativos. Destacan por ter procesos de creación coidados e rigorosos, traballando con artesáns e produtores locais, que dan coma resultado Noia Intramuros, A Pedrachán, Augalevada ou o Loxe Mareiro; e sempre sorprenden gratamente coas edicións propias como as Amelias ou lena.



Es un estudio de diseño y comunicación de Santiago de Compostela, formado por Xabier Rilo Calvo, Manuel del Río Regos y Ricardo Tubío Pazos. Su meta es ofrecer un diseño de clara orientación humanista, que vaya más allá de la simple función práctica y que atienda también funciones de carácter emocional y social.

Con una identidad de marcado carácter atlántico desarrollan proyectos que van desde el diseño gráfico y de producto hasta la coordinación de equipos de trabajo en ámbitos creativos. Destacan por tener procesos de creación cuidados y rigurosos, trabajando con artesanos y productores locales, que dan como resultado Noia Intramuros, A Pedrachán, Augalevada o el Loxe Mareiro; y siempre sorprenden gratamente con ediciones propias como las Amelias o lena.

“gústanos ver como cada proxecto vai determinando o seu propio taboleiro de xogo”

fruto ds

Estudio de deseño galego, buscan desenvolver proxectos que se integren dentro da estratexia das empresas, e consigan xerarlles valor ás persoas, tanto desde o aspecto funcional como na súa dimensión emocional. Perseguen o equilibrio entre os diversos factores empresariais, industriais e sociais que entran en xogo, para encamiñar os produtos ao éxito.

Formado por un equipo estable de deseñadores con diferentes perfís, permítelles resolver os proxectos desde a súa formulación conceptual ata a materialización, e apoialos con ferramentas de comunicación.

Traballan cóbado con cóbado coas empresas para chegar a resultados como o colector Big-Bin, recentemente galardoado cun primeiro premio na categoría de mobiliario urbano nos A'Design Awards. Colaboran con empresas de diversos sectores como Finsa, R, EV Confort, Portadeza, Orfega, Formato Verde...

Estudio de deseño galego, buscan desenvolver proxectos que se integren dentro de la estrategia de las empresas, y consigan generar valor a las personas, tanto desde el aspecto funcional como en su dimensión emocional. Perseguen el equilibrio entre los diversos factores empresariales, industriales y sociales que entran en juego, para encaminar los productos al éxito.

Formado por un equipo estable de diseñadores con diferentes perfiles, les permite resolver los proyectos desde su planteamiento conceptual hasta la materialización, y apoyarlos con herramientas de comunicación.

Trabajan codo con codo con las empresas para llegar a resultados como el contenedor Big.Bin, recientemente galardonado con un primer premio en la categoría de mobiliario urbano en los A'Design Awards. Colaboran con empresas de diversos sectores como: Finsa, R, EV Confort, Portadeza, Orfega, Formato Verde ...




*“liberando libros,
unha alternativa editorial”*

carlos figueiras de estaleiro editora

Trátase dunha asociación cultural sen ánimo de lucro que desenvolve un proxecto de edición capaz de abrir novos camiños dentro do sistema literario galego. Publican baixo licenzas Creative Commons, co obxectivo da creación dun espazo de liberdade para a dinamización cultural, a innovación literaria e o pensamento crítico.

Escollen para a súa iniciativa vías de distribución alternativas, favorecendo que unha edición de calidade manteña un prezo reducido, reinvestindo a pequena marxe de beneficio na produción de novos materiais. Tanto autores como editores renuncian a calquera retribución económica polo seu traballo. Carlos Taibo, Rubén Ruibal ou Clara Gayo, entre outros, forman parte do seu catálogo, que se distribúe pola rede e tamén en puntos de venda que traspasan as nosas fronteiras para chegar a Porto ou Barcelona.



Se trata de una asociación cultural sin ánimo de lucro que desarrolla un proyecto de edición capaz de abrir nuevos caminos dentro del sistema literario gallego. Publican bajo licencias Creative Commons, con el objetivo de la creación de un espacio de libertad para la dinamización cultural, la innovación literaria y el pensamiento crítico.

Escogen para su iniciativa vías de distribución alternativas, favoreciendo que una edición de calidad mantenga un precio reducido, reinvertiendo el pequeño margen de beneficio en la producción de nuevos materiales. Tanto autores como editores renuncian a cualquier retribución económica por su trabajo. Carlos Taibo, Rubén Ruibal o Clara Gayo, entre otros, forman parte de su catálogo, que se distribuye por la red y también en puntos de venta que traspasan nuestras fronteras para llegar a Porto o Barcelona.

“facendo de cada proxecto unha experiencia, cada libro forma parte de nós”

juan carlos pichel de eurográficas

Esta imprenta familiar que se orixinou en Santa Comba en 1986, leva un longo camiño percorrido convertendo en algo palpable, que perdurará no tempo, os proxectos de moitos autores e deseñadores. Nas súas modernas instalacións compostelás experimentan coas técnicas de impresión e o seus coñecementos en control colorimétrico para obter o mellor acabado posible para cada edición concreta. A tecnoloxía fai posible combinar a técnica estocástica con politonos e hexacromía, dotando de vida as imaxes das publicacións, na procura da calidade e a excelencia.

Juan Carlos Pichel comparte tamén proxecto editorial propio con Amancio Liñares e Antonio Puentes, desde o 2001. 3C3 editores naceu coa vontade de contribuir a impulsar a cultura e as letras galegas. Contan con máis dun cento de títulos publicados de diversos xéneros que van desde a novela ata o ensaio, pasando polo teatro e a economía.

Esta imprenta familiar que se originou en Santa Comba en 1986, lleva un largo camino recorrido convirtiendo en algo palpable, que perdurará en el tiempo, los proyectos de muchos autores y diseñadores. En sus modernas instalaciones compostelanas experimentan con las técnicas de impresión y sus conocimientos en control colorimétrico para obtener el mejor acabado posible para cada edición concreta. La tecnología hace posible combinar la técnica estocástica con politonos y hexacromía, dotando de vida las imágenes de las publicaciones, en la búsqueda de calidad y excelencia.

Juan Carlos Pichel comparte también proyecto editorial propio con Amancio Liñares y Antonio Puentes, desde el 2001. 3C3 editores nació con la vocación de contribuir a impulsar la cultura y las letras gallegas. Cuentan con más de cien títulos publicados de diversos géneros que van desde la novela hasta el ensayo, pasando por el teatro y la economía.



*“rehabilitación,
interpretación e coidado
de mobles segundo
a filosofía de Louise
Bourgeois”*

**luis gil
de undo redo**

Arquitecto pola ETSA desde 1997, ano no que comeza a súa colaboración no estudio de Manuel Gallego Jorroto. No estudio que comparte con Cristina Nieto levou a cabo obras nos eidos da rehabilitación tradicional, racionalista e contemporánea, e se elaboraron as bases do plan de mantemento da cidade histórica de Santiago de Compostela. De 2002 ao 2012 foron os responsables do inventario de arquitectura e etnografía da provincia de Pontevedra para a Dirección Xeral de Patrimonio. Un dos seus proxectos máis recentes, a reforma e ampliación do Club Náutico de Remo e Piragüismo de Pontecesures 2010, foi seleccionada na BEAU 2011 e nos premios Enor 2011. Tamén deseñan exposicións para museos, fundacións e concellos galegos. Hai dous anos fundan xunto con María Arizcun e Juan Aradas UnDo ReDo, un espazo de reflexión e divulgación sobre o asento e o mobiliario como arquitectura. Na actualidade rehabilitan a Casa Museo Rosalía de Castro.



Arquitecto por la ETSA desde 1997, año en el que comienza su colaboración en el estudio de Manuel Gallego Jorroto. En el estudio que comparte con Cristina Nieto ha llevado a cabo diferentes obras en los campos de la rehabilitación tradicional, racionalista y contemporánea, y se elaboraron las bases del plan de mantenimiento de la ciudad histórica de Santiago de Compostela. De 2002 al 2012 fueron los responsables del inventario de arquitectura y etnografía de la provincia de Pontevedra para la Dirección Xeral de Patrimonio. Uno de sus proyectos más recientes, la reforma y ampliación del Club Náutico de Remo y Piragüismo de Pontecesures 2010, fue seleccionada en la BEAU 2011 y en los premios Enor 2011. También diseñan exposiciones para museos, fundaciones y ayuntamientos gallegos. Hace dos años fundaron, junto con María Arizcun y Juan Aradas, UnDo ReDo, un espacio de reflexión y divulgación sobre el asento y el mobiliario como arquitectura. En la actualidad rehabilitan la Casa Museo Rosalía de Castro.

“a nosa iluminación é sobre todo emocional”

patricia martínez de arturo álvarez

Xerente da empresa que fundou xunto co deseñador Arturo Álvarez en 1994. Dedícanse ao deseño e produción de todo tipo de luminarias decorativas para o fogar, xardín e instalacións comerciais. As súas pezas son únicas, feitas a man, edicións numeradas de obxectos orixinais, sobrios aínda que con grande personalidade. Os modelos Gea e Fluo acadaron o prestixioso premio internacional Good Design (edicións 2008 e 2009 respectivamente) e en 2010 acadan un Red Dot, por Guau, deseñada por El Último Grito. Un dos seus deseños, Bety, fica exposto no Museo das Artes Decorativas de Barcelona, e outros moitos participaron en exposicións en Londres, Nova York e Toquio. Traballan con recoñecidos deseñadores de todo o mundo e continúan innovando na procura de fontes de luz máis ecolóxicas, sustentables, reivindicando sempre os procesos artesanais.

Gerente de la empresa que fundó junto con el diseñador Arturo Álvarez en 1994. Se dedican al diseño y producción de todo tipo de luminarias decorativas para el hogar, jardín e instalaciones comerciales. Sus piezas son únicas, hechas a mano, ediciones numeradas de objetos originales, sobrios aunque con gran personalidad. Los modelos Gea y Fluo consiguieron el prestigioso premio internacional Good Design (ediciones 2008 y 2009 respectivamente) y en 2010 reciben un Red Dot, por Guau, diseñada por El Último Grito. Uno de sus diseños, Bety, está expuesto en el Museo de las Artes Decorativas de Barcelona, y otros muchos han formado parte de exposiciones en Londres, Nueva York y Tokio. Trabajan con reconocidos diseñadores de todo el mundo y continúan innovando en la búsqueda de fuentes de luz más ecológicas, sostenibles, reivindicando siempre los procesos artesanales.



“é a nosa maneira de expresar un desexo e unha necesidade: a de cuestionar, poñer en dúbida e, cando é posible, repensar a realidade”

describir

Cibrán Rico e Suso Vázquez, arquitectos de formación, forman este estudio gallego de deseño gráfico e editorial. En 2012 comezan o seu proxecto editorial propio, Fabulatorio, un lugar para as historias que aínda non foron contadas e para as que precisan ser contadas de novo. Con esta iniciativa queren experimentar nas capacidades que ten o libro como obxecto para comunicar significados; investigar na relación íntima entre a súa forma e a transmisión e a posta en valor do seu contido.

Ese mesmo ano obtiveron un premio Laus Plata cun cartel feito para Enor, e na edición do 2013 acadaron dous premios máis con *El jardín en movimiento*, unha obra editada por Gustavo Gili e que obtivo o Laus de bronce á Mellor portada ou colección de portadas de libro, e o traballo realizado para a Fundación Caja de Arquitectos arquia/próxima 2012, Nuevos Formatos que resultou premiado na subcategoría de Conxunto de elementos coordinados.



Cibrán Rico y Suso Vázquez, arquitectos de formación, forman este estudio gallego de diseño gráfico y editorial. En 2012 comienzan su proyecto editorial propio, Fabulatorio, un lugar para las historias que aún no han sido contadas y para las que necesitan ser contadas de nuevo. Con esta iniciativa quieren experimentar sobre las capacidades que tiene el libro como objeto para comunicar significados; investigar la relación íntima entre su forma y la transmisión y puesta en valor de su contenido.

Ese mismo año obtuvieron un premio Laus Plata con un cartel hecho para Enor, y en la edición del 2013 consiguieron dos premios más con *El jardín en movimiento*, una obra editada por Gustavo Gili y que obtuvo el Laus de bronce a la mejor portada o colección de portadas de libro, y el trabajo realizado para la Fundación Caja de Arquitectos arquia/próxima 2012, Nuevos Formatos que resultó premiado en la subcategoría de conjunto de elementos coordinados.

***“o deseño captura,
xera e comunica valor;
é polo tanto un feito
económico, entendendo
que o valor é un
recurso escaso”***

Economista y MBA, Xènia Viladàs ha sido, sucesivamente, directora de la Fundación Barcelona Centro de Diseño (BCD), responsable del área de gestión de la Escuela Superior de Diseño Elisava, en Barcelona, y Consejera Delegada de la Sociedad Estatal para la promoción del Diseño y la Innovación (DDI), antes de poner en marcha XVDMC, consultoría de gestión del diseño y business design.

Es miembro del Consejo Consultor del Design Management Institute (DMI) desde el año 2000. Ha publicado dos libros sobre gestión del diseño y sobre diseño de servicios: *Diseño Rentable* y *El diseño a su servicio*, los dos traducidos al inglés.

xènia viladàs

Economista e MBA, Xènia Viladàs foi, sucesivamente, directora da Fundación Barcelona Centro de Deseño (BCD), responsable da área de xestión da Escola Superior de Deseño Elisava, en Barcelona, e Conselleira Delegada da Sociedade Estatal para a promoción do Deseño e a Innovación (DDI), antes de pór en marcha XVDMC, consultoría de xestión do deseño e business design.

É membro do Consello Consultor do Design Management Institute (DMI) desde o ano 2000. Ten publicados dous libros sobre xestión do deseño e sobre deseño de servizos: *Diseño rentable* e *El diseño a su servicio*, los dos traducidos al inglés.



ORGANIZA

DAG

Asociación Galega de Diseñadores

PATROCINA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



EUROGRAFICAS



FEDRIGONI
ESPAÑA



AGENCIA GRÁFICA GALLEGA, S.L.
IMPRESIÓN



GRAFICAS
BRIAL S.L.

libreríaformatos

APOIAN



Galicia Editorial

FABULATORIO

editorial

gráficas

anduriña



legatoria

ENCUADERNACIÓN

axeitos & Co
ROTULACIÓN E IMPRESIÓN

moure

pecados
DE COMPOSTELA